

UNHA CHAPUZA PREMEDITADA

Antes do traslado do persoal da Grela, de Riazor e a reubicación interna de persoal de Montaña, a CIG reclamou no Comité de Seguridade e Saúde de A Coruña os preceptivos Plans de Emerxencia e de Avaliación de Riscos. Non queríamos que se fixeran mal as cousas e estabamos en prazo para facelas ben.

A actitude da empresa non foi a de cumprir a lei e decidiu tirar para adiante a trancas e barrancas, por suposto sen cumprir coa petición da CIG.

O resultado foi unha chapuza que tivo como consecuencia que os compañeiros/as xa nos seus postos tivesen que aturar obras pendentes que continúan aínda hoxe.

Ante a falla de consideración da empresa polos dereitos máis elementais dos traballadores en materia de Seguridade e Saúde a CIG non tivo outra saída que presentar denuncia na Inspección deTraballo.

Como consecuencia desta denuncia está previsto que un Inspector acuda o xoves día 19 a facer unha visita o edificio. Esperamos que a consecuencia sexa positiva para os traballadores e, anque sexa de maneira forzada, a empresa resolva de inmediato as deficiencias que aínda persisten e que son numerosas.

O compromiso da CIG segue a ser velar polos intereses colectivos dos traballadores, tarefa que seguiremos a facer dentro das posibilidades que o número de delegados que temos no lo permita.

**Sección Sindical CIG Telefónica.
A Coruña, 17 de abril de 2007.**